O IMPERIO BIZANTINO

O imperio bizantino debe este nome á súa capital, Constantinopla, denominada posteriormente bizancio. O imperio atravesou por varias etapas.

Durante o **reinado de Xustiniano** (527-565), alcanzou o seu máximo esplendor e recuperou parte dos territorios perdidos. No **século VII** os musulmáns conquistaron diversas provincias, deixando o imperio reducido a Asia menor e á área dos Balcáns.

Desde mediados do século XI, o imperio foi perdendo sucesivamente territorios a mans dos normandos, búlgaros e turcos. Estes últimos conquistaron Constantinopla en 1453, feito que puxo fin ao imperio bizantino.

O século de ouro de Xustiniano

O emperador **Xustiniano (527-565)** tentou reconstruir a unidade do antigo Imperio Romano e restaurar a súa organización e a súa cultura.
Entre o 533 e o 534, o seu xeneral **Belisario conquistou**lles o **norte de África** aos vándalos. O ano seguinte arrebatoulles **Italia** aos ostrogodos, e no 554, o **sueste de Hispania** aos visigodos, convertendo a Bizancio no estado máis importante do Mediterráneo.
Foi unha época de **gran prosperidade económica** grazas a vitalidade do comercio no Mediterráneo que favoreceu a Constantinopla, situada nunha encrucillada de camiños que lle permitía dominar as rutas entre o mar Negro e o Mediterráneo e entre Europa e Asia.
Xustiniano recompilou as leis romanas nos 12 libros do chamado **Código de Xustiniano** (Corpus Iuris Civilis) unificando xuridicamente o Imperio e embeleceu a capital, Constantinopla, coa construción da **basílica de Santa Sofía.**



LIVEWORKSHEETS

1. Coloca os seguintes feitos históricos no recadro que corresponda.

- Conquisa de Constantinopla polos turcos
- Perda de territorios fronte aos musulmáns
- Reinado de Xustiniano
- Conquistas de Belisario

Século VI	Séculos VII-VIII	Século XV

A organización política e económica bizantinas

A **organización política** apoiábase no **emperador** (*basileus*), que concentraba todo o poder: dirixía a administración e o exército e interviña nos asuntos da Igrexa.

A **administración central** descansaba nunha organizada **burocracia** e no **dereito romano**, recompilado por Xustiniano.

A **administración territorial** organizábase en provincias (*thémas*) dirixidas por *strategos* (xefes políticos e militares).

O **exército** contaba cunha poderosa cabalería e unha importante armada.

A **economía** tiña na **agricultura** a súa principal actividade económica. Organizábase en grandes propiedades pertencente á nobreza ou aos mosteiros, traballadas por servos.

A **artesanía** fabricaba artigos de luxo, como seda, tapices, ourivería e marfil.

O **comercio**, moi importante, foi favorecido pola posición de ponte entre Europa e Asia que ocupaba o imperio.

2. **Emparella** correctamente as frases co concepto que lle corresponda.

1) Desenvolvemento comercial
2) Artesanía
3) Strategos
4) Burocracia
5) Agricultura
6) Thémas
7) Basileus
8) Potente armada

a) Concentraba nas súas mans todo o poder.
b) Administración central.
c) Administración territorial.
d) Gobernadores provinciais.
e) Exército bizantino.
f) Latifundios da nobreza e dos mosteiros.
g) Fabricación de artigos de luxo.
h) Posición de ponte entre Europa e Asia.

3. **Completa** as seguintes frases.

a) O emperador dirixía a e o .
b) A administración central apoiábase na e o .
c) As provincias doimperio eran as e estaban gobenadas por .

LIVEWORKSHEETS

d) A principal actividade económica era a , practicada en grandes .
e) Os latifundios pertencían á e aos .
f) A artesanía artigos de como seda, tapices, ourivería e marfil.

LIVEWORKSHEETS